

II CARREIRA POPULAR SOLIDARIA DA PISCINA MUNICIPAL DE MUROS

O Concello de Muros a través da piscina municipal celebra a II Carreira Popular Solidaria o sábado 17 de agosto do 2013 na localidade de Muros baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago) e de acordo co seguinte

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

2. CATEGORIAS DOS PARTICIPANTES:

- ✕ **CHUPETE:** atletas nados en 2009 e posteriores
- ✕ **PREBENXAMIN** atletas nados nos anos 2006, 2007 e 2008
- ✕ **BENXAMIN:** atletas nados nos anos 2004 e 2005
- ✕ **ALEVIN:** atletas nados nos anos 2002 e 2003
- ✕ **INFANTIL:** atletas nados nos anos 2000 e 2001
- ✕ **CADETE:** atletas nados nos anos 1998 e 1999
- ✕ **XUVENIL-JUNIOR:** atletas nados nos anos 1994, 1995, 1996 e 1997
- ✕ **PROMESA-SENIOR:** atletas nados entre 1993 e 1979
- ✕ **VETERANOS/AS A:** atletas nados/as entre 1978 e 1968
- ✕ **VETERANOS/AS B:** atletas nados/as entre 1967 e 1958
- ✕ **VETERANOS/AS C:** atletas nados/as en 1957 e anteriores

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

A saída das probas será dende o lugar da **Lonxa Vella** ubicada na localidade de Muros (casco urbano). A meta estará ubicada no mesmo lugar.

A carreira é apta para todo o mundo e poderase ir camiñando.

Os participantes na andaina participarán baixo a súa responsabilidade e deberán circular sempre pola beirarrúa. Non entrarán en ningún tipo de premiación agás na premiación ó participante de maior idade.

HORA	CATEGORIAS	DISTANCIA
10:45 h	INFANTIL e CADETE M/F	2500 m aprox
11:00 h	XUVENIL-JUNIOR, PROMESA- SENIOR e VETERANOS ANDAINA	5400 m aprox
11:45 h	PREBENXAMIN M/F	250 m aprox
12:00 h	BENXAMIN M/F	650 m aprox
12:15 h	ALEVIN M/F	1300 m aprox
12:30 h	CHUPETE M/F	50 m aprox

4. PROGRAMA DA XORNADA ATLETICA

- 10:00 h-** Entrega dos dorsais para adultos, infantís e cadetes no lugar da Lonxa Vella. SAIDA das probas desde ese punto.
- 10:45 h-** Saída dos infantís e cadetes dende o lugar da Lonxa Vella.
- 11:00 h-** Saída dos adultos (xuvvenil-junior en adiante) e andaina.
- 11:30 h-** Entrega dos dorsais ás categorías inferiores:
prebenxamíns, benxamíns, alevíns e chupetes no lugar da Lonxa Vella.
- 11:45 h-** Saída dos prebenxamíns.
- 12:00 h-** Saída dos benxamíns.
- 12:15 h-** Saída dos alevíns.
- 12:30 h-** Saída dos chupetes.
- 12:35 h-** Exhibición Baile Infantil.
- 13:00 h-** Entrega de Premios.

5. As **INSCRIPCIONS** realizaranse na Piscina Municipal de Muros presencialmente ou no teléfono **981 826 966** en horario de 08:00 a 14:00 e de 18:00 a 22:00 horas.

O prazo de inscrición rematará o 15 de agosto ás 22 horas.

O prezo de inscrición será de **3 €** a partir da categoría xuvenil-junior en diante e participantes na ANDAINA. Para as categorías cadete e inferiores o prezo de inscrición será de **1 €**. O pago poderá ser realizado directamente na Piscina municipal ata o remate do prazo de inscrición e en horario de 8:00 a 14:00 horas e de 18:00 a 22:00 horas.

*Os atletas non residentes en Muros poderán ingresar a cantidade no nº de conta de **NOVA GALICIA BANCO 2080 5159 74 3040005672** (facer constar no concepto nome e apelidos do participante).*

6. Haberá servizo de vestiario e duchas a disposición de tódolos atletas na Piscina Municipal de Muros a partir das 11 horas da mañá.

7. PREMIOS e AGASALLOS

- Trofeo os 3 primeiros clasificados de cada categoría e sexo establecida no presente regulamento agás as categorías chupete e prebenxamín e participantes na ANDAINA.
- Medallas a todos os participantes das categorías chupete, prebenxamín, benxamín e alevín.
- Agasallo conmemorativo do evento ata fin de existencias.

8. As reclamacións ós resultados oficiais, os cales estarán expostos na zona de meta, deberán formularse verbalmente ó **Xuíz Árbitro** da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

9. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da **RFEA** e **IAAF** en vigor.